

A raíz do tosko verde
é mala de arrancar-e
os amoriños primeiros
son moi malos de olvidar-e.

Adiós Martes de Antroido,
Adiós Antroido, Antroidiño,
que hasta Domingo de Pascua
non unto mailo fuciño.

“Dime nena deghrobada
desdentada, burra vella,
que te ocupache onte á noite
a falar desa maneira.”

“Cando me ocupeí de ti?”
“Diante á cancela do prado
que lle dixeches á Farruca
que eu estaba en estado.”

“Tamén ti andas decindo
que me querías deixare.”

“Pois deixame canto queiras
que eu non te hei de ir a buscar-e.”